



CONCELLO DE SANTA COMBA – CONCELLO DA BAÑA



ADDENDA DE PRÓRROGA E MODIFICACIÓN DE CLÁUSULAS DO CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE SANTA COMBA E DA BAÑA EN MATERIA DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DE TRÁMITES EN MATERIA DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN PÚBLICA.

Dunha parte, don Alberto Romar Landeira, con DNI 78800502H, que ostenta as atribucións necesarias para asinar este convenio como representante e en no nome do Concello de Santa Comba, entidade local territorial co NIF/CIF P1507800I, con sede na Casa do Concello, situada na Praza do Concello, 1, C.P.: 15841, Santa Comba (A Coruña).

Doutra parte, e coas mesmas atribucións para o que se refire á entidade da que é Alcalde, don José Antonio Pereira Gil, con DNI 32828782P, en representación do Concello da Baña, co NIF/CIF P1500700H, con sede na Casa do Concello, situada na praza do Concello, s/n, C.P.: 15863, A Baña (A Coruña).

As persoas comparecentes na representación que ostenta e acreditan, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade e os requisitos legais necesarios para formalizar e subscribir esta Addenda.

EXPOÑEN

Primeiro.- O 22 de novembro de 2023 as partes subscribiron un Convenio de Colaboración para a prestación de servizos do funcionario, Evaristo Lois Rama, con DNI núm. 33252748S, que é titular da praza denominada *Adxunto a secretaría* no Concello de Santa Comba.

Segundo.- O referido funcionario prestará a súa colaboración e realizará as tarefas que no presente convenio se determinen, en materia de contratación pública. Ditas tarefas serán:

- Preparación de expedientes de contratación pública.
- Publicación de documentos e manexo dos expedientes de contratación no PCSP.
- Realización das funcións de secretario da mesa de contratación do Concello da Baña.
- Aquelas outras relacionadas coas anteriores que lle sexan encomendadas pola Alcaldía, como por exemplo formación a novo persoal contratado polo Concello da Baña no departamento de contratación pública.

As tarefas anteriores serán realizadas en modalidade de teletraballo, agás naqueles casos nos que a presenza física do funcionario no Concello da Baña sexa recomendable

Terceiro.- A cláusula sexta co mencionado convenio establece unha vixencia ata o 31 de decembro de 2024, podendo ser prorrogado ata o 30 de xuño de 2025. A prórroga contará, en todo caso, co consentimento do funcionario afectado.



CONCELLO DE SANTA COMBA – CONCELLO DA BAÑA



A prórroga podería realizarse con carácter previo no caso de que a asignación económica inicial retida para o convenio se vexa esgotada pola realización dos traballos previstos en data previa ó 30 de setembro de 2024.

En calquera caso, e por desaparecer a necesidade que causou a motivación da sinatura do presente convenio, a duración da vixencia deste poderá ser inferior á que se refire o primeiro parágrafo desta cláusula. Nese caso, deberá acordarse a resolución anticipada do mesmo.

Cuarto.- É vontade das partes prorrogar o convenio, e ao abeiro do artigo 49.g e h da Lei 40/20215, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a modificación das cláusulas terceira, cuarta, quinta e sexta, que quedarán redactadas deste xeito:

Terceira.- O convenio refírese ás licitacións que consten no Plan Anual de Contratación ou que lle sexan encomendadas pola alcaldía. Entenderase que para cada licitación empregarase 40 horas máximo.

Cuarta.- A forma de realizar o pagamento sería mediante o abono de liquidación por parte do Concello da Baña ao Concello de Santa Comba por valor máximo de 32,17 €/hora.

Unha situación semellante ao das acumulacións de secretarías-intervencións medinte un desempeño fóra da xornada que ha lugar a unha gratificación de ata o 30 % das retribucións fixas incluídos dos trienios e posto principal e exercicio fóra da xornada, polo que se suprime a cobertura ás obrigas da Seguridade Social.

Para afrontar as obrigas derivadas do presente convenio, o Concello da Baña procederá ás modificacións orzamentarias que sexan precisas co fin de dotar no seu capítulo de transferencias correntes, o importe necesario para cumprir coas obrigas económicas que se calculan no importe máximo de 15.692,40 € para 12 meses tendo presente o custe máximo previsto neste convenio.

O Concello da Baña acreditará a efectividade das funcións e tarefas desenvolvidas e o importe a pagar co, dentro do límite do importe establecido (o 100 % se se cumpren plenamente os obxectivos), abonando ao Concello de Santa Comba o seu importe para incluílo na nómina do funcionario como gratificación. A comprobación do control dos traballos, en todo caso e transitoriamente para que non se produza enriquecemento indebido e dado que constan as xestións para o Concello da Baña no sistema de xestión de expedientes, debe corresponder exclusivamente aos servizos do persoal ou altos cargos do municipio beneficiario como xustificación da transferencia efectuada, que nunca poderá ser fixa. Non obstante, o funcionario informará das horas adicadas ao expediente de contratación correspondente xunto coa acreditación do traballo desenvolvido.

A liquidación das cantidades que correspondan poderá efectuarse nun único pagamento ou en varios segundo as necesidades derivadas da colaboración do funcionario e que en todo caso constará no informe emitido ao respecto.

Os expedientes nos que se traballará serán os recollidos no Plan anual de Contratación o aqueles que lles sexa encomendado pola alcaldía, aínda que en función das necesidades que xurdan, poderán modificarse.



CONCELLO DE SANTA COMBA – CONCELLO DA BAÑA



As dietas por asistencia ás mesas e contratación serán abonadas semestralmente ao funcionario. O importe destas dietas será o establecido nas bases de execución do Concello da Baña.

Quinta.- Para proceder ó pagamento, o funcionario informará das horas adicadas ó expediente de contratación correspondente xunto coa acreditación do traballo desenvolvido, e o Concello da Baña informará sobre a efectividade das funcións desenvolvidas.

A comprobación do control dos traballos, en todo caso e transitoriamente para que non se produza enriquecemento indebido e dado que constan as xestións para o Concello da Baña no sistema de xestión de expedientes, debe corresponder exclusivamente aos servizos do persoal ou altos cargos do municipio beneficiario como xustificación da transferencia efectuada, que nunca poderá ser fixa. Non obstante, o funcionario informará das horas adicadas ao expediente de contratación correspondente xunto coa acreditación do traballo desenvolvido.

Unha vez acreditada a realización dos obxectivos polo Concello da Baña abonará o importe correspondente. Ingresada a liquidación, abonarase na seguinte nómina ao funcionario correspondente, por parte do Concello de Santa Comba, o importe que proceda en base aos traballos realizados no Concello da Baña.

Sexta.- Este convenio ten efectos dende a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025 podendo prorrogarse automaticamente anualmente, ata que desapareza a necesidade que causou a motivación deste convenio. A duración da vixencia deste poderá ser inferior á que se refire o primeiro parágrafo desta cláusula. Nese caso, abondará a comunicación oficial da resolución anticipada do mesmo. A prórroga ha de contar en todo caso co consentimento do funcionario afectado.

A prórroga podería realizarse con carácter previo no caso de que a asignación económica inicial retida para o convenio se vexa esgotada pola realización dos traballos previstos en data previa ó 30 de setembro de 2025.

En consecuencia, as partes acordan esta Addenda e a modificación das cláusulas, de acordo con estas

CLÁUSULAS

Primeira.- Este convenio ten efectos dende a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025 podendo prorrogarse automaticamente anualmente, ata que desapareza a necesidade que causou a motivación deste convenio. A duración da vixencia deste poderá ser inferior á que se refire a modificación do convenio.

Segunda.- A modificación das cláusulas cuarta, quinta e sexta que se transcriben na parte expositiva.

Terceira.- As demais cláusulas do convenio de colaboración quedarán vixente e sen alterar.



CONCELLO DE SANTA COMBA – CONCELLO DA BAÑA



Cuarta.- O convenio permanecerá en vigor nos termos que no mesmo se establecen.

E para que así conste, en proba de conformidade, as persoas comparecentes asinan dixitalmente esta Addenda e a modificación de cláusulas do convenio na data que consta no pé da sinatura.

O alcalde do Concello de Santa Comba

O alcalde do Concello da Baña

Alberto Romar Landeira

José Antonio Pereira Gil